



## Concello de Xunzo de Limia

### ACTA

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano colexiado:</b> |
| PLN/2018/12             | O Pleno                  |

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

|                          |                                   |
|--------------------------|-----------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b> | Ordinaria                         |
| <b>Data</b>              | 5 de novembro de 2018             |
| <b>Duración</b>          | Desde as 12:35 ata as 14:45 horas |
| <b>Lugar</b>             | Salón de Plenos do Concello       |
| <b>Presidida por</b>     | MANUEL CABAS LOPEZ                |
| <b>Secretario</b>        | Marta Maria Gomez Ruiz            |

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI       | Nome e Apelidos               | Asiste |
|-----------|-------------------------------|--------|
| 34729730Y | CARLOS GOMEZ SALGADO          | SÍ     |
| 34944140X | ELVIRA LAMA FERNANDEZ         | SÍ     |
| 34961770E | EVA ORO VILLARINO             | SÍ     |
| 44451990M | FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ | SÍ     |
| 34374297S | ISIDORO SANCHEZ BLANCO        | SÍ     |
| 34984024N | JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES | SÍ     |
| 76716532D | LUIS MIGUEL GIL PENIN         | SÍ     |
| 46506299T | MANUEL CABAS LOPEZ            | SÍ     |
| 34957758N | MANUEL PEREZ CAMPOS           | SÍ     |
| 76704603V | MARIA DOLORES CALVO LOPEZ     | SÍ     |
| 44455043E | MONTSERRAT LAMA NOVOA         | SÍ     |

## Concello de Xunzo de Limia



## Concello de Xinzo de Limia

|           |                               |    |
|-----------|-------------------------------|----|
| 44459813P | RAFAEL PENABAD GONZALEZ       | SÍ |
| 34977248K | RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ       | SÍ |
| 76709485T | RICARDO SIEIRO OPAZO          | SÍ |
| 52613923C | SILVIA BLANCO CUQUEJO         | SÍ |
| 34949952A | TERESA PUGA IGLESIAS          | SÍ |
| 46358849A | XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ | SÍ |

Asisten a **Interventora Dona Mónica Legaspi Díaz**, e a **Adxunta a Secretaría Dona M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Salgado**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación das actas da sesións anteriores

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección ás actas das sesións celebradas os días 17/09/2018 e 18/10/2018.

Sometidas a votación **resultan aprobadas por unanimidade as actas referidas**.

#### Expediente 6876/2018. Transferencia de crédito entre distinta área de gasto

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó **Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda** do día 30/10/2018, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía, de data 25/10/2018, do seguinte teor literal:

“(…) TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE DIFERENTE ÁREA DE GASTO

Vista providencia de alcaldía de fecha 22/10/2018.

Visto informe de intervención de fecha 23/10/2018.

Visto informe de secretaría de fecha 25/10/2018.

PROPONGO

PRIMERO. Aprobar el expediente de modificación de créditos n.º 6876/2018, con la modalidad

## Concello de Xinzo de Limia



## Concello de Xinzo de Limia

*de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como sigue a continuación:*

*Aplicación de la que se transfiere crédito:*

*Aplicación presupuestaria: 450.60900*

*Importe: 160.000,00€*

*Aplicación a la que se transfiere crédito:*

*Aplicación presupuestaria: 920.22799*

*Importe: 160.000,00€*

*SEGUNDO. Exponer este expediente al público mediante anuncio inserto en el tablón de edictos del Ayuntamiento y en el Boletín Oficial de la Provincia, por el plazo de quince días, durante los cuales los interesados podrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. El expediente se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas. (...)”*

*Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto (1), a seguinte proposta de acordo:*

*PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 6876/2018, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:*

*Aplicación da que se transfire crédito:*

*Aplicación presupuestaria: 450.60900*

*Importe: 160.000,00€*

*Aplicación á que se transfire crédito:*

*Aplicación presupuestaria: 920.22799*

*Importe: 160.000,00€*

*SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante ocitado prazo non se presentaran reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolverlas.”*

**O Sr. Alcalde** da paso á quenda de intervencións.

**O Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** lamenta que a partida de inversións que xa era moi reducida, nin tan sequera se vai executar na súa integridade, polo que anuncia a abstención.

**O Sr. Manuel Pérez Campos** di que no momento de aprobación dos orzamentos do ano 2018 o grupo de goberno dixo que eran impecables, o cal non era certo pois tiña que estar previsto que o combustible subiría. Ademais, coincide co Sr. Ramiro Rodríguez Suárez no que se refire a ausencia de inversión.

**A Sra. Elvira Lama Fernández** ratifica a mesma liña exposta polos outros portavoces e manifesta que esta é unha figura que contempla a lexislación, e que se trata dun trámite administrativo para dar cobertura a facturas anteriores indicándolle ó grupo de goberno que deberían ser máis previsores e facer orzamentos creíbles polo que anuncia a abstención.

**O Sr. Carlos Gómez Salgado** manifesta que nos atopamos ante un trámite administrativo normal dado que se trata dunha modificación de crédito para cubrir



## Concello de Xunzo de Limia

gastos non previstos a causa de elementos externos.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada** cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xunzo Adiante" (3), e coa abstención do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), **adoitándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobado o expediente de modificación de créditos n.º 6876/2018, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

**Aplicación da que se transfira crédito:**

**Aplicación presupuestaria: 450.60900**

**Importe: 160.000,00€**

**Aplicación á que se transfira crédito:**

**Aplicación presupuestaria: 920.22799**

**Importe: 160.000,00€**

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de **quinze días**, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

### Expediente 4039/2018. Reconecemento Extraxudicial de Créditos

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda*** do día 30/10/2018, do seguinte teor literal:

"Vista a Proposta da Alcaldía, de data 25/10/2018, do seguinte teor literal:

"(...) Visto informe de intervención de fecha 25/10/2018.

Visto expediente de transferencia de crédito 6876/2018

**PROPONGO**

**PRIMERO** Aprobado de forma condicionada el reconocimiento de los créditos por importe de 74,923,03 euros correspondientes a gastos realizados en ejercicios anteriores y cuyas facturas constan en el expediente de conformidad a lo establecido en el artículo 60.2 do Real Decreto 500/1990, siendo la condición para esta aprobación de reconocimiento extrajudicial de créditos que el expediente de transferencia de crédito 6876/2018 sea aprobado definitivamente. **SEGUNDO.** Aplicar con cargo al Presupuesto del 2018, una vez aprobado definitivamente el expediente de transferencia de crédito 6876/2018 los correspondientes créditos por importe de 74.923,03 euros, con cargo a la partida 920.22799 o partidas de su misma bolsa de vinculación según corresponda. (...)

Tras o debate resulta ditaminado ***favorablemente*** cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal

## Concello de Xunzo de Limia



## Concello de Xinzo de Limia

Socialista (2), dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto (1), a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar de forma condicionada o recoñecemento dos créditos por importe de 74.923,03 euros correspondentes a gastos realizados en exercicios anteriores e cuxas facturas constan no expediente de conformidade ao establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, sendo a condición para esta aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos que o expediente de transferencia de crédito 6876/2018 sexa aprobado definitivamente.

**SEGUNDO.-** Aplicar con cargo ao Presupuesto do 2018, unha vez aprobado definitivamente o expediente de transferencia de crédito 6876/2018 os correspondentes créditos por importe de 74.923,03 euros, con cargo á partida 920.22799 ou partidas da súa mesma bolsa de vinculación segundo corresponda."

O **Sr. Alcalde** da paso á **quenda de intervencións**.

O **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** manifesta que se ben é certo que quen presta os servizos ó Concello ten que cobrar, sen embargo prégalle ó grupo de goberno que faga un esforzo para que este tipo de recoñecementos non sexan necesarios, polo que anuncia a abstención.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** sinala que a meirande parte das facturas son do ano 2017, sen prexuízo de que hai algunha do ano 2015. Manifesta que está de acordo con que se lle pague ós provedores pero recorda que se están incumprindo os trinta días sinalados pola normativa, concretamente, sinala que existe obriga de emitir factura dentro dos dezaseis días do mes seguinte, e polo tanto, non hai que esperar un ano para emitir á factura. Por último finaliza a súa intervención indicando que a xestión non foi boa.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** reitera os argumentos expostos polos outros portavoces e prega ó grupo de goberno axilidade e transparencia, recordando a obriga que existe de emitir as facturas polos provedores nos prazos previstos na lexislación.

O **Sr. Carlos Gómez Salgado** comeza a súa intervención indicando que os servizos prestados hai que pagalos pero recorda ó plenario que as facturas que se traen no presente expediente dependen fundamentalmente de factores externos, sen prexuízo do cal, considera que é preciso ter sensibilidade cos provedores a fin de pagar o servizo prestado.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e coa abstención do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar de forma condicionada o recoñecemento dos créditos por importe de 74.923,03 euros correspondentes a gastos realizados en exercicios anteriores e cuxas facturas constan no expediente de conformidade ao establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, sendo a condición para esta aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos que o expediente de transferencia de crédito 6876/2018 sexa aprobado definitivamente.

**SEGUNDO.-** Aplicar con cargo ao Presupuesto do 2018, unha vez aprobado



## Concello de Xinzo de Limia

**definitivamente o expediente de transferencia de crédito 6876/2018 os correspondentes créditos por importe de 74.923,03 euros, con cargo á partida 920.22799 ou partidas da súa mesma bolsa de vinculación segundo corresponda.**

**Expediente 6953/2018. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA SEGUINTE ORDENANZA: \* ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIROS E POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda*** do día 30/10/2018, do seguinte teor literal:

“Visto o expediente tramitado para a modificación da ordenanza fiscal n.º 7: reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Visto o informe de Intervención, o informe técnico económico-financeiro emitido polo Departamento de Tesourería e informe de secretaria

Vista a Memoria de Alcaldía de data 25/10/2018.

En cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Comisión Informativa de Obras, Economía, Facenda e Contas,

Intervén a Sra. Concelleira Elvira Lama Fernández para indicar que no primeiro trimestre do ano 2018 a empresa "Viaqua, S.A.U." iba presentar unha proposta de revisión das taxas segundo o acordado na reunión celebrada entre os portavoces e a empresa en decembro do ano 2017, ao que resposta o Sr. Alcalde que aínda non se recibiu esta proposta por parte da citada empresa.

Tras o debate ***DITAMINA favorablemente*** cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto (1), a seguinte proposta de acordo:

***PRIMEIRO.*** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal n.º 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais, e nos mesmos termos nos que figuran no expediente coa redacción que a continuacións se recolle:

« Modificación da Ordenanza fiscal Nº 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais .

Artigo 5º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria correspondente á contratación do servizo será de 39,099800 €, e de 15,63 € en concepto de conexión á rede, que se esixirá unha soa vez.

2.- A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo da rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,212200 euros por cada m3 ó trimestre, cun mínimo de 20 m3 ao mes

Artigo 14º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria, para todo o termo municipal, que se esixirá pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga,

## Concello de Xinzo de Limia





## Concello de Xinzo de Limia

medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,330400 euros por cada m<sup>3</sup> ao trimestre, cun mínimo de 20 m<sup>3</sup> ao mes.

No caso de que o suxeito pasivo goce de servizo de tratamento e depuración de augas residuais, utilizando a rede de saneamento municipal, sen que estea dado de alta no padrón da taxa pola prestación do servizo público de abastecemento e distribución domiciliaria de auga potable, por calquera motivo, xa sexa pola carencia da licenza municipais oportuna ou pola utilización de auga procedente de pozos particulares, a cota tributaria será equivalente ao mínimo. No caso de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

2.- Para núcleos de poboación cuxa rede de saneamento verte na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións e o servizo de abastecemento e subministración de auga potable domiciliaria non é de titularidade municipal: aplicarase unha tarifa equivalente ao mínimo. Non obstante, de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo, o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ó seu cargo.

3.- Para núcleos de poboación pertencentes a outros concellos e cuxa rede de saneamento verta nas depuradoras de Xinzo de Limia, a base impositiva virá determinada polos aparellos do volume de vertidos. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello e a efectiva prestación do servizo, a base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a vila de Xinzo de Limia.

### *Disposición final.*

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de \_\_\_\_\_ de 2018, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente."

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello, nun dos diarios de maior difusión na provincia, e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.

**QUINTO.** Dar traslado do presente acordo ao Concelleiro de facenda, así como aos servizos da área económico financeira."

O **Sr. Alcalde** da paso á **primeira quenda de intervencións.**

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** manifesta que os argumentos que vai a expor en relación a este expediente son os mesmos para o seguinte punto da orde do día polo que fará unha intervención conxunta . Indica que a postura respecto a este servizo xa é coñecida polo plenario dado que ano tras ano, con motivo da revisión das tarifas para adaptalas ó IPC, exponse a mesma. Neste eido, sinala que os veciños de Xinzo pagan o servizo de auga no seu conxunto máis caro de todo Ourense salvo Barbadás, todo elo



## Concello de Xinzo de Limia

---

consecuencia do contrato que se firmou no seu día e que estará vixente ata o 2046, engadindo que non está de acordo cos argumentos expostos no informe de Secretaría. Engade que a adxudicataria debería presentar con números o resultado da xestión do servizo e prégalle ó grupo de goberno que solicite a Viaqua un informe máis amplo das incidencias e funcionamento do servizo dado o contido escueto do informe que se nos facilitou, salientando o feito de que no mesmo non consta como incluído no contrato a EDAR de Morgade. Remata a súa intervención pregándolle ó grupo de goberno que realice as actuacións necesarias para mellorar e controlar o servizo que está prestando a concesionaria, e que se teña outra reunión coa adxudicataria para a revisión das taxas.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** recrimínalle ó grupo de goberno que a data actual non fixo xestión algunha para mellorar a xestión do servizo cando existen múltiples incumprimentos contractuais por parte da concesionaria. Sinala que é consciente de que as obrigas que se recollen nun contrato hai que cumprilas, se ben considera que este contrato só beneficia a unha das partes que é Viaqua. Engade que o seu grupo político xa denunciou en reiteradas ocasións o estado lamentable das fosas e que lle sorprende que agora a concesionaria indique no informe que a EDAR de Morgade non se inclúe no contrato cando no contido do mesmo sinálase que abrangue todas, reiterando asemade a petición realizada en varios plenarios relativa a que se modifiquen as tarifas para que os veciños paguen polo consumo real. Remata a súa intervención aludindo á reunión que tivo lugar a finais do ano 2017 coa concesionaria na que se manifestou que a mesma ía facer unha proposta para baixar tarifas, actuación que a data actual non se levou a cabo.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** comeza a súa intervención recordando a reunión que tivo lugar a finais do ano pasado na que indica que xurdiu un compromiso por parte da empresa de facer unha nova proposta de prezos, revisión das tarifas que non se levou a cabo, o que conleva un incumprimento da palabra dada pola concesionaria e do grupo de goberno o cal omitiu todo seguimento da proposta efectuada e non presentou tampouco outra alternativa. Reitera que non é admisible que os veciños paguen por depurar auga que non é consumida polos mesmos. Remata a súa intervención anunciando o seu voto en contra dado que a concesionaria non está a cumprir o contrato nin a prestar o servizo correctamente e o grupo de goberno non vixila o cumprimento do mesmo.

O **Sr. Carlos Gómez Salgado** intervén para indicar que o obxecto do presente punto da orde do día é a suba do IPC prevista no contrato celebrado coa concesionaria e que conta cos informes preceptivos favorables. En relación ó informe remitido pola concesionaria salienta o feito de que das vinte depuradoras, trece non teñen problemas e as outras sete requiren actuacións que se levarán a cabo, concretando que en relación á de Morgade xa existe un proxecto a través de Augas de Galicia. Asemade, sinala que o grupo de goberno comprométese a celebrar a reunión que está pendente con Viaqua para abaratar os custos. En relación ó manifestado polo portavoz do Grupo Mixto, indica que Xinzo non conta coa auga máis cara de Ourense, como se manifestou polo mesmo, reiterando a proposta de estudar a rebaixa das taxas na reunión que se celebrará

---

## Concello de Xinzo de Limia





## Concello de Xinzo de Limia

---

en breve.

O **Sr. Alcalde** abre a **segunda quenda de intervencións**.

O **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** manifesta en relación ó exposto polo portavoz do Grupo Municipal Popular que parece que alude a un informe distinto ó que se lle facilitou a el, pregándolle que non faga trampas, dado que cando se fala de custos relativos a auga non só se refire ós custos de subministración senón tamén ós de depuración e tratamento, o que conleva que en un conxunto nos atopemos cos gastos en auga máis altos de todo o país. Engade que non é optimista en que coa reunión que se celebre se acade o obxectivo final que é a redución das taxas dado que considera que a concesionaria non renunciará ós importantes ingresos que ten blindados ata o ano 2046, ó que se lle engade ás subas sistemáticas por razón do IPC, motivos todos eles polos que considera que debe ser o Concello o que debe actuar facendo un seguimento do servizo prestado pola concesionaria e, neste eido, pedíndolle datos económicos e documentación ó respecto a fin de que se cumpra o contrato firmado.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** reitera a situación lamentable en que se encontran as depuradoras ofrecéndose a acompañar ó grupo de goberno a facer unha visita ás mesmas, e en canto a de Morgade, sinala o feito de que independentemente de que estea ou non no contrato, non se pode esquecer o feito de que o Concello é o responsable último da situación da mesma. Reitera asemade que o recibo da auga en Xinzo no seu conxunto é dos máis caros da provincia, e denuncia que a empresa está incumprindo o contrato, motivo polo que prega que os servizos xurídicos informen ó respecto.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** reitera novamente o feito de que os veciños de Xinzo pagan por un servizo que non se leva a cabo dado que se abona polo saneamento e depuración de augas que non se consumen polos usuarios. Asemade, denuncia o feito de que as depuradoras non realicen a función para a que están destinadas e salienta o feito de que na de Lamas hai un vertido ó río que non se lle pode consentir á concesionaria. Polo que atinxe ó abastecemento, indica que o seu grupo xa conta cas últimas analíticas sobre as que se están facendo análises clínicos que recibirá proximamente. Remata a súa intervención anunciando o voto en contra.

O **Sr. Alcalde** transmite o seu malestar pola desinformación e alarma que está creando a oposición, dado que a calidade das augas coas que conta Xinzo de Limia é das mellores que hai na provincia, o que fai que o tratamento a empregar sexa menor, se ben a depuración require un custo máis elevado. Recórdalle á oposición que na última Comisión informativa comprometeuse a falar con Viaqua para sinalar unha data a fin de celebrar unha reunión para tratar a redución das tarifas, trámite que manifesta que xa fixo, indicando que Viaqua ofreceuse a celebrar a reunión cando se quixese. Por último, anuncia que a obra de Morgade está pendente de licitar pola Xunta, e en canto ás restantes depuradoras pendentes de arranxo, sinala que este grupo de goberno ten previsto levar a cabo as xestións correspondentes para que todas estean nun estado adecuado entre este ano e o que ven. Remata a súa intervención indicando que neste



## Concello de Xinzo de Limia

punto se está a debater a suba do IPC segundo o previsto no contrato firmado no seu día.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e co voto en contra do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO. Aprobación provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal n.º 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais, e nos mesmos termos nos que figuran no expediente coa redacción que a continuacións se recolle:**

« Modificación da Ordenanza fiscal Nº 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Artigo 5º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria correspondente á contratación do servizo será de 39,099800 €, e de 15,63 € en concepto de conexión á rede, que se esixirá unha soa vez.

2.- A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo da rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,212200 euros por cada m3 ó trimestre, cun mínimo de 20 m3 ao mes

Artigo 14º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria, para todo o termo municipal, que se esixirá pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,330400 euros por cada m3 ao trimestre, cun mínimo de 20 m3 ao mes.

No caso de que o suxeito pasivo goce de servizo de tratamento e depuración de augas residuais, utilizando a rede de saneamento municipal, sen que estea dado de alta no padrón da taxa pola prestación do servizo público de abastecemento e distribución domiciliar de auga potable, por calquera motivo, xa sexa pola carencia da licenza municipais oportuna ou pola utilización de auga procedente de pozos particulares, a cota tributaria será equivalente ao mínimo. No caso de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

2.- Para núcleos de poboación cuxa rede de saneamento verte na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións e o servizo de abastecemento e subministración de auga potable domiciliar non é de titularidade municipal: aplicarase unha tarifa equivalente ao mínimo. Non obstante, de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo, o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ó seu cargo.

3.- Para núcleos de poboación pertencentes a outros concellos e cuxa rede de saneamento verta nas depuradoras de Xinzo de Limia, a base impositiva virá determinada polos aparellos do volume de vertidos. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello e a efectiva prestación do servizo, a



## Concello de Xinzo de Limia

base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a vila de Xinzo de Limia.

*Disposición final.*

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de \_\_\_\_\_ de 2018, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.”

**SEGUNDO.** *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello, nun dos diarios de maior difusión na provincia, e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.*

**TERCEIRO.** *Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

**CUARTO.** *Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.*

**QUINTO.** *Dar traslado do presente acordo ao Concelleiro de facenda, así como aos servizos da área económico financeira.*

**Expediente 6958/2018. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA SEGUINTE ORDENANZA: ORDENANZA FISCAL Nº 9, REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A DOMICILIO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda do día 30/10/2018***, do seguinte teor literal:

“Visto o expediente tramitado para a modificación da ordenanza fiscal n.º 9: reguladora da taxa pola subministración de auga a domicilio.

Visto o informe de Intervención, o informe técnico económico-financeiro emitido polo Departamento de Tesourería e informe de secretaria

Vista a Memoria de Alcaldía de data 25/10/2018.

Intevén o Sr. Concelleiro do Ramiro Rodríguez para solicitar copia do informe de “Viaqua” sobre o estado das depuradoras, respostando o Sr. Alcalde que se remitirá copia a tódolos grupos políticos.

En cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Comisión Informativa de Obras, Economía, Facenda e Contas,

**DITAMINA favorablemente** cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), dos

## Concello de Xinzo de Limia



## Concello de Xinzo de Limia

concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto (1), a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal n.º 9 reguladora da taxa pola subministración de auga a domicilio nos mesmos termos nos que figuran no expediente coa redacción que a continuacións se recolle:

« Modificación da ordenanza fiscal n.º 9: reguladora da taxa pola subministración de auga a domicilio.

Art. 5º.- A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixe nas seguintes tarifas:

Módulos tarifa: €/m.3

Cota de servizo: 1,20 €/ab.mes

Conservación de acometidas e contadores: 1,34 €/ab.mes

Ata 30 m3: 0,221500 €/m3

De 30 a 50 m3: 0,323300 €/m3

De 50 a 80 m3: 0,460600 €/m3

De 80 a 100 m3: 1,014300 €/m3

Máis de 100 m3 domésticos: 1,962200 €/m3

Máis de 100 m3 industriais: 1,568000 €/m3

Centros ensinanza secundaria: tarifa media

Construcións e obras: Por cada m3 de auga consumido: 0,207400 €/m3

Contratación do servizo e dereitos de conexión:

De aplicación sempre que se produzan altas ou contratacións de servizo. Por cada contratación de servizo: 39,099800€

Servizos complementarios

Conexións á rede:

a) Por licenza de conexión á rede: 15,63 €

b) A instalación de tomas de auga, subministración e colocación de tubos, chaves de paso, ramais ata as fachadas dos edificios, locais, etc., liquidaranse polos prezos dos materiais empregados, gastos de persoal e gastos complementares de todo tipo, cunha recarga do 7% por dirección técnica e do 10% en concepto de administración.

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de \_\_\_\_\_ de 2018, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.”

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello, nun dos diarios de maior difusión na provincia, e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.

**QUINTO.** Dar traslado do presente acordo ao Concelleiro de facenda, así como aos servizos da área económico financeira.”



## Concello de Xinzo de Limia

O **Sr. Alcalde** propón non debater o presente punto xa que o mesmo foi tratado xuntamente co anterior, e pasar directamente á votación, proposta que é aceptada polo plenario.

Finalmente a proposta de acordo ***resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e co voto en contra do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:***

***PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal n.º 9 reguladora da taxa pola subministración de auga a domicilio nos mesmos termos nos que figuran no expediente coa redacción que a continuacións se recolle:***

« Modificación da ordenanza fiscal nº 9: reguladora da taxa pola subministración de auga a domicilio.

Art. 5º.- A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixe nas seguintes tarifas:

Módulos tarifa: €/m.3

Cota de servizo: 1,20 €/ab.mes

Conservación de acometidas e contadores: 1,34 €/ab.mes

Ata 30 m3: 0,221500 €/m3

De 30 a 50 m3: 0,323300 €/m3

De 50 a 80 m3: 0,460600 €/m3

De 80 a 100 m3: 1,014300 €/m3

Máis de 100 m³ domésticos: 1,962200 €/m3

Máis de 100 m3 industriais: 1,568000 €/m3

Centros ensinanza secundaria: tarifa media

Construcións e obras: Por cada m3 de auga consumido: 0,207400 €/m3

Contratación do servizo e dereitos de conexión:

De aplicación sempre que se produzan altas ou contratacións de servizo. Por cada contratación de servizo: 39,099800€

Servizos complementarios

Conexións á rede:

a) Por licenza de conexión á rede: 15,63 €

b) A instalación de tomas de auga, subministración e colocación de tubos, chaves de paso, ramais ata as fachadas dos edificios, locais, etc., liquidaranse polos prezos dos materiais empregados, gastos de persoal e gastos complementares de todo tipo, cunha recarga do 7% por dirección técnica e do 10% en concepto de administración.

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de \_\_\_\_\_ de 2018, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.”





## Concello de Xinzo de Limia

**SEGUNDO.** *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello, nun dos diarios de maior difusión na provincia, e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.*

**TERCEIRO.** *Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

**CUARTO.** *Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.*

**QUINTO.** *Dar traslado do presente acordo ao Concelleiro de facenda, así como aos servizos da área económico financeira.*

**Expediente 6932/2018. PROPOSTA APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA A TRANSFERENCIA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO MUSEO GALEGO DO ENTROIDO EN XINZO DE LIMIA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O **Sr. Alcalde** pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Festejos, Deportes, Xuventude e Educación*** do día 30/10/2018, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 24/10/2018, do seguinte teor literal:

“(…) Visto expediente no que constan borrador de convenio a subscribir para a a transferencia do Museo Galego do Entroido á Deputación Provincial de Ourense, memoria xustificativa elaborada ó efecto por parte da Deputación, informe Xurídico elaborado pola Secretaría Xeral da Deputación, así como certificado de acordo Plenario adoptado pola Deputación Provincial para a transferencia do Museo. Visto asemade, informe técnico municipal de valoración do ben inmovible, inventario dos bens inmovibles expostos no museo e memoria asinada polo Concelleiro de Cultura de Xinzo de Limia, así como Informe de Secretaría.

**PROPOÑO**

1) Aprobar o “Convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a transferencia á Deputación Provincial de Ourense do Museo Galego do Entroido en réxime de servizo supramunicipal de competencia provincial” incluíndo a cesión de uso do inmovible instrumentada a través dunha mutación demanial entre as administracións, consonte a redacción recollida no acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial en data 28 de setembro de 2018.

2) Dar traslado do Presente acordo á Deputación de Ourense e o Concelleiro de Cultura.

3) Notificar este acordo os seguintes titulares de bens mobles cedidos ó museo “Asociación Felos da Corga da Serra”, Concello de Riós, María Cándida Cid Méndez, M<sup>a</sup> del Carmen Méndez López, Concello de Muíños, Concello de Bande, Carlos Gómez Salgado, Jesús Fariñas

**Concello de Xinzo de Limia**





## Concello de Xinzo de Limia

Diz, "Asociación A Pantalla", "Fundación Carlos Casares", D. Hakan Olof Casares Berg e a Dona Lars Chistian Casares Berg, a fin de que nun prazo de 10 días hábiles computados dende o día seguinte á recepción da presente notificación manifesten si manteñen a cesión no seu día efectuada ó concello de Xinzo de Limia, ou se a deixan sen efecto, entendéndose en caso de non recibir comunicación expresa ó efecto no prazo indicado que os cesionarios non se opoñen a que ditas pezas sigan expostas no Museo de cuxa xestión integral se encargará Deputación Provincial de Ourense. (...)”

Non producíndose debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto (1), a seguinte proposta de acordo:

1) Aprobar o “Convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a transferencia á Deputación Provincial de Ourense do Museo Galego do Entroido en réxime de servizo supramunicipal de competencia provincial” incluíndo a cesión de uso do inmovible instrumentada a través dunha mutación demanial entre as administracións, consonte a redacción recollida no acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial en data 28 de setembro de 2018.

2) Dar traslado do Presente acordo á Deputación de Ourense e o Concelleiro de Cultura.

3) Notificar este acordo os seguintes titulares de bens mobles cedidos ó museo "Asociación Felos da Corga da Serra", Concello de Riós, María Cándida Cid Méndez, M<sup>a</sup> del Carmen Méndez López, Concello de Muíños, Concello de Bande, Carlos Gómez Salgado, Jesús Fariñas Diz, "Asociación A Pantalla", "Fundación Carlos Casares", D. Hakan Olof Casares Berg e a Dona Lars Chistian Casares Berg, a fin de que nun prazo de 10 días hábiles computados dende o día seguinte á recepción da presente notificación manifesten si manteñen a cesión no seu día efectuada ó concello de Xinzo de Limia, ou se a deixan sen efecto, entendéndose en caso de non recibir comunicación expresa ó efecto no prazo indicado que os cesionarios non se opoñen a que ditas pezas sigan expostas no Museo de cuxa xestión integral se encargará Deputación Provincial de Ourense.”

**O Sr. Alcalde** da paso á primeira quenda de intervencións.

O **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** di que este é un exemplo máis do fracaso da xestión do grupo de goberno, o cal acude a “mamá Deputación” para que lle resolva o problema cedéndolle un espazo para que xestione o museo a través dunha empresa, proposta á que accedeu a Deputación, adoptando un acordo no plenario celebrado no mes de setembro sobre unha proposta na que se esquecía á maior cedente de bens que é a Asociación a Pantalla, o que motivou que a última hora se tivese que aprobar unha emenda para contar coa mesma. Neste eido, anuncia o seu voto en contra dado que trátase dun Convenio que está mal plantexado o entender que a Deputación non é un exemplo na xestión de museos e que o Museo debería ser xestionado dende o propio Concello de xeito directo. Sen embargo, sinala que dado que a cesión non é a perpetuidade, espera que outros gobernos que entren poidan recuperar o mesmo. Por último, remata a súa intervención salientando o feito de que o pouco tempo que estivo aberto foi un exemplo e que desexaría que seguira así.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** comeza a súa intervención indicando que despois da inauguración do museo levada a cabo no ano 2015, este estivo aberto en virtude dun convenio celebrado coa Deputación o cal non se renovou. Salienta o feito de que a



## Concello de Xinzo de Limia

---

pesar de que está pechado, apareza o horario na páxina web e indique que segue aberto, así como o feito de que o mesmo non estea incluído na páxina de museos da Xunta de Galicia. Asemade, indica que resulta inadmisíble que se lle entregue a xestión a Deputación porque a mesma é o paradigma do mal facer. Así mesmo, indica que non entende como o grupo de goberno manifesta que non se pode contratar persoal pero, sen embargo, destina 50.000 euros para intentar acadar a declaración de interese turístico internacional, así como tampouco entende que a Asociación a Pantalla se ofrecera a xestionalo e que o Concello nin sequera conte con ela a hora de propor este convenio. Remata a súa intervención indicando que non está de acordo con que a Deputación o xestiona a través dunha empresa privada, insistindo que considera que o máis axeitado é que se xestione polo propio Concello, anunciando o voto en contra.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** inicia a súa intervención indicando que nos atopamos ante un tema moi controvertido e que lle gustaría que a xestión se levara a cabo dende o Concello de Xinzo, se ben considera que o tratarse do Museo Galego do Entroido, entende que o máis axeitado é que fora a Xunta de Galicia a que se fixera cargo da súa xestión, denunciando a mala xestión do grupo de goberno dado que o Museo leva pechado durante un ano cando o mesmo podería atraer moito turismo. Asemade, pon de manifesto o feito de que na proposta de Convenio que se levou ó plenario da Deputación non se fixera alusión a asociación a Pantalla, e que tivera que ser ela, a través do seu grupo, a que tivo que propor “in voce” que a Asociación a Pantalla contase cun espazo dentro do Museo e que un membro da mesma estivese no órgano asesor do convenio. Remata a súa intervención pondo de manifesto a incompetencia do grupo de goberno dado que considera que todas estas xestións que se tiveron que levar a cabo para ceder o museo puidéronse facer con antelación e así evitar que o Museo estivese pechado durante un ano por falla de persoal.

O **Sr. Carlos Gómez Salgado** manifesta que o presente punto da orde do día responde a un trámite pedido pola Deputación para asinar o mentado convenio, aclarando que o Concello iniciou as actuacións para que a Deputación asumise a xestión do museo o 23 de xaneiro do 2018 . Recórdalle ó plenario que este Concello conta cun Plan de Axuste que impide levar a cabo a contratación de persoal. Puntualiza ademais que se ben é certo que o Museo estivo pechado durante o presente ano para as visitas diarias, sen embargo, recibiu a data actual unas 5.000 visitas organizadas. Asemade, recórdalle á oposición que a existencia deste museo débese a actuación do grupo municipal popular e non do bipartito, o cal dedicoulle cero minutos e cero euros a este tema cando estivo gobernando, sendo o Sr Antonio Pérez Rodríguez, o Sr. Feijó, o Sr. Baltar e o Sr Xesús Vázquez quen fixeron grandes esforzos para que o mesmo fora unha realidade. Do mesmo xeito, recorda á oposición que no plenario provincial o partido popular sumouse á citada moción presentada en favor da Asociación a Pantalla, e salienta que no ano 2009 o grupo municipal popular xa cedera unha oficina a dita Asociación.

Engade que o grupo municipal popular propón que a Asociación en vez de ter un acceso independente ao Museo que tería que ser a través da sala de máquinas, entre pola porta principal e despois empregue como acceso o espazo anteriormente ocupado pola Agrupación Musical da Limia, podendo ademais desfrutar deste espazo, de xeito

---

## Concello de Xinzo de Limia



## Concello de Xinzo de Limia

---

que o almacén quede reservado para o uso do Museo.

O *Sr. Alcalde* da paso á **segunda quenda de intervencións**.

O *Sr. Ramiro Rodríguez Suárez* manifesta que non entende como é posible que se o 23 de xaneiro de 2018 se solicitou que a Deputación asumise a xestión do Museo, esta non se concretara no Pleno da Deputación ata o mes de setembro. Asemade, indica que a solución adoptada pola Deputación relativa a adxudicar a unha empresa privada a xestión do Museo tamén se podía ter feito polo propio Concello. En relación ó manifestado polo portavoz do partido popular, indica que o motivo polo que o bipartito non puido destinar diñeiro para o Museo é porque por parte do Concello non se presentou proxecto algún, engadindo que dende o ano 2000 quen gobernou o Concello de Xinzo de Limia durante 14 anos foi o partido popular. Remata a súa intervención indicando que o Museo debería ser xestionado polo Concello de forma directa, motivo polo que anuncia o voto en contra.

O *Sr. Manuel Pérez Campos* intervén para recordarlle ó portavoz do grupo municipal popular que a primeira fase do museo non a levou a cabo o partido popular, senón que o concelleiro que levou o peso da mesma foi don Suso Losada o cal acadou unha subvención do Fondo Leader coa que se financiou a citada fase.

A *Sra. Elvira Lama Fernández* intervén para manifestar que se o bipartito non colaborou co financiamento do Museo foi porque o Concello presentou unha insuficiente memoria de dez follas que non podía soste unha petición de aportación económica por parte da Xunta para a segunda fase do Museo. Engade que no ano 2015 xa existía un Plan de Axuste en virtude do cal xa deberían saber que non podían contratar persoal. Por último, remata a súa intervención salientando o feito de que a Asociación a Pantalla e a Plataforma Amigos do Entroido foron os que loitaron dende sempre polo Museo Galego do Entroido.

O *Sr. Carlos Gómez Salgado* resposta ós portavoces da oposición indicándolles que a realidade é que quen fixo posible a existencia do Museo do Entroido foi o partido popular, reiterando o feito de que durante os catro anos que o bipartito gobernou na Xunta de Galicia aportaron 0 euros a pesar de existir un proxecto presentado polo Concello.

Pide a palabra a *Sra. Elvira Lama Fernández* para pregarlle ó grupo de goberno que faga os trámites precisos para que o Museo figure na rede de Museos da Xunta de Galicia.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e co voto en contra do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:**



## Concello de Xinzo de Limia

- 1) Aprobar o “*Convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a transferencia á Deputación Provincial de Ourense do Museo Galego do Entroido en réxime de servizo supramunicipal de competencia provincial*” incluíndo a cesión de uso do inmovible instrumentada a través dunha mutación demanial entre as administracións, consonte a redacción recollida no acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial en data 28 de setembro de 2018.
- 2) Dar traslado do Presente acordo á Deputación de Ourense e o Concelleiro de Cultura.
- 3) Notificar este acordo os seguintes titulares de bens mobles cedidos ó museo “Asociación Felos da Corga da Serra”, Concello de Riós, María Cándida Cid Méndez, M<sup>a</sup> del Carmen Méndez López, Concello de Muíños, Concello de Bande, Carlos Gómez Salgado, Jesús Fariñas Diz, “Asociación A Pantalla”, “Fundación Carlos Casares”, D. Hakan Olof Casares Berg e a Dona Lars Chistian Casares Berg, a fin de que nun prazo de 10 días hábiles computados dende o día seguinte á recepción da presente notificación manifesten se manteñen a cesión no seu día efectuada ó concello de Xinzo de Limia, ou se a deixan sen efecto, entendéndose en caso de non recibir comunicación expresa ó efecto no prazo indicado que os cesionarios non se opoñen a que ditas pezas sigan expostas no Museo de cuxa xestión integral se encargará Deputación Provincial de Ourense.

Expediente 6866/2018. Ratificación de acordo da Xunta de Goberno Local de 22/10/2018 relativo á proposta de Festivos Locais 2019

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior e Tráfico*** do día 30/10/2018, do seguinte teor literal:

“Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/10/2018, do seguinte teor literal:

Expediente 6866/2018. XEFATURA TERRITORIAL CONSELLERÍA ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA: rtdo. calendario laboral 2019 e stdo. proposta festivos locais 2019:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 19/10/2018 (nº 2018-E-RC-7344), remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio do cal dan traslado do calendario laboral para o ano 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia, e solicitan a proposta relativa ós días festivos de carácter local para o ano 2019, nos termos do artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores, artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e o artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de función e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo e outras disposicións concordantes, e solicitan que se remita proposta das festas locais.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, propor ao Plenario Municipal que adopte o seguinte acordo:

1º. Formular proposta de días festivos de carácter local 2019 de conformidade coas datas que a seguido se detallan:

## Concello de Xinzo de Limia



## Concello de Xinzo de Limia

\* 05/03/2019, “Martes do Entroido”.

\* 18/07/2019, “Festas de Santa Mariña”.

2º. Ratificar o presente acordo polo Concello Pleno Municipal na primeira reunión que se celebre.”

Non producíndose debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), a favor do concelleiro do Grupo Mixto (1), e coas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal “Xinzo Adiante” (2), a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Ratificar o acordo de Xunta de Goberno Local de 22/10/2018 e formular proposta de días festivos de carácter local 2019 de conformidade coas datas que a seguido se detallan:

\* 05/03/2019, “Martes do Entroido”.

\* 18/07/2019, “Festas de Santa Mariña”.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.”

Sen producirse debate a **proposta de acordo resulta aprobada por unanimidade, adoitándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar o acordo de Xunta de Goberno Local de 22/10/2018 e formular proposta de días festivos de carácter local 2019 de conformidade coas datas que a seguido se detallan:

\* 05/03/2019, “Martes do Entroido”.

\* 18/07/2019, “Festas de Santa Mariña”.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

**Expediente 6950/2018. MOCIÓN URXENTE: MOCIÓN CONXUNTA DE TÓDOLOS GRUPOS MUNICIPAIS PARA SOLICITAR ORZAMENTO PARA INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** indica que se presenta Moción Conxunta de tódolos grupos Municipais a cal se elaborou en Xunta de Portavoces celebrada en data 31/10/2018.

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais. Realizada a votación, a inclusión na orde do día desta moción urxente é **APROBADA por unanimidade**, cos votos a favor da súa inclusión na orde do día de tódolos concelleiros.

Aprobada a inclusión na orde do día da moción presentada, tendo esta o seguinte teor literal:

## Concello de Xinzo de Limia





## Concello de Xinzo de Limia

### **“MOCIÓN CONXUNTA DE TÓDOLOS GRUPOS MUNICIPAIS PARA SOLICITAR ORZAMENTO PARA INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

PARA A COMARCA DE A LIMIA ACOMETER AS MELLORAS DOS REGADÍOS SUPÓN UNHA ACTUACIÓN ESTRATÉXICA DE ENORME IMPORTANCIA TANTO PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIO ECONÓMICO DO CONCELLO E DA COMARCA CANTO PARA A POTENCIACIÓN DO SEU SECTOR AGRÍCOLA.

NO ANO 2018 A XUNTA DE GALICIA REALIZOU A ELABORACIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN DAS OBRAS, QUE SE INICIARAN UNHA VEZ SEXA APROBADA E PUBLICACIÓN NO DOGA A DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL, POR SITUARSE A LIMIA NUNHA ZONA DECLARADA ZEPA E INCLUÍDA NA REDE NATURA 2000 E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA.

NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2019, FIGURA UNHA PARTIDA DE EXECUCIÓN DIRECTA DE 4.300.000,00€, PERO E IMPRESCINDIBLE DAR UN PASO MÁIS PARA REMATAR ESTAS INFRAESTRUTURAS A MAIOR BREVIDADE. NESTE SENSO, O VINDEIRO 2019 SERÁ UN ANO DECISIVO PARA IMPLEMENTAR UN AMBICIOSO PLAN QUE PRECISARA DA APOSTA ECONÓMICA DE TODAS AS ADMINISTRACIÓNS.

**POR TODO O EXPOSTO, O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PROPÓN O PLENARIO MUNICIPAL A APROBACIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

- INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO, A QUE DOTE DE PARTIDA EXTRAORDINARIA E SUFICIENTE PARA ACOMETER E REMATAR A TAN DEMANDADA E NECESARIA MODERNIZACIÓN DOS REGADIOS NAS CATRO COMUNIDADES DE REGANTES PENDENTES DA LIMIA.
- INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE UNHA VEZ APROBADA A DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PLAN DE REGADÍO, SE PUBLIQUE ESTA DECLARACIÓN NO DOGA DE XEITO INMEDIATO E POSTERIORMENTE, TAMÉN DE XEITO INMEDIATO, SE INICIE A EXECUCIÓN DAS OBRAS POR IMPORTE DE 4.300.000 EUROS SEGUNDO O PREVISTO NO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA PARA O 2019.
- CONVIDAR AOS CONCELLOS DA LIMIA A SUMARSE A ESTA MOCIÓN DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.”

Sen producirse debate, a antedita moción é **aprobada por unanimidade de tódolos membros, adoptándose o seguinte acordo:**

- **PRIMEIRO.-** INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO, A QUE DOTE DE PARTIDA EXTRAORDINARIA E SUFICIENTE PARA ACOMETER E REMATAR A TAN DEMANDADA E NECESARIA MODERNIZACIÓN DOS REGADIOS NAS CATRO COMUNIDADES DE REGANTES PENDENTES DA LIMIA.
- **SEGUNDO.-** INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE UNHA VEZ APROBADA A DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PLAN DE REGADÍO, SE PUBLIQUE ESTA DECLARACIÓN NO DOGA DE XEITO INMEDIATO E POSTERIORMENTE, TAMÉN DE XEITO INMEDIATO,





## Concello de Xinzo de Limia

**SE INICIE A EXECUCIÓN DAS OBRAS POR IMPORTE DE 4.300.000 EUROS SEGUNDO O PREVISTO NO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA PARA O 2019.**

- **TERCEIRO.- CONVIDAR AOS CONCELLOS DA LIMIA A SUMARSE A ESTA MOCIÓN DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.**

### **MOCIÓN URGENTE GRUPO MUNICIPAL "XINZO ADIANTE":**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 8, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

A continuación o **Sr. Alcalde** indica que hai presentada unha moción urgente polo **Grupo Municipal Xinzo Adiante**, do seguinte tenor literal:

**“(…) O grupo municipal XINZO ADIANTE de Xinzo de Limia, con domicilio a efectos de notificación na Av. de Ourense, 16, teléfono 698148725, ao abeiro do artigo 91.4 e 97.3 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ao Plenario do Concello a seguinte MOCIÓN PARA O RESTABLECIMENTO DOS SERVIZOS SANITARIOS BÁSICOS EN XINZO DE LIMIA E NA COMARCA.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nos últimos tempos a sanidade en Galicia e, singularmente en Xinzo de Limia e na comarca, sufriu un retroceso maior ca nos tempos da crise económica. Se antes, baixo o pretexto da necesidade de realizar recortes para salvar a Banca que saqueou aos cidadáns, se acometeron amortizacións de prazas sanitarias -lembremos no PAC de Xinzo de Limia a supresión dunha praza de enfermería pediátrica- agora, cando supostamente estamos a saír da crise económica e o Goberno do PP de Feijóo presume de contas saneadas e de boa xestión, os recortes volvéronse unha constante imparable.

Hai pouco celebrouse un concurso de traslados. Varios facultativos que prestaban os seus servizos no PAC de Xinzo de Limia foron trasladados e algúns deles están de baixa, sen que a día de hoxe se adxudicasen algunhas vacantes que deixaron e tampouco se suplise totalmente a carencia de persoal.

Isto derivou en que hai pacientes que solicitan citas e non son atendidos ata que pasan 15 ou 16 días, incluíndo nestes casos a pacientes con medicación permanente e doenzas crónicas. A isto cómpre sumar o desabastecemento que sofren as farmacias e consecuentemente os pacientes que precisan determinada medicación para o seu día a día — como no caso de ADIRO, TRANKIMAZIN, LANTANON;; estamos a falar de relaxantes musculares, antidepressivos, colirios, medicación para a hipertensión... produtos todos de uso frecuente e, especialmente, entre a xente de máis idade como acontece na envellecida comarca da Limia.

Mesmo en plena campaña de vacinación contra a gripe, estanse dando a finais de outubro citas para vacinarse a finais do mes de novembro... co cal se están expoñendo aos sectores máis vulnerables da poboación a esta epidemia. No caso dos centros privados concertados isto non acontece: o SERGAS subvenciona a vacina e para os pacientes todo é chegar e encher (no mesmo día son vacinados a costa do erario público).

Non podemos consentir esta deriva de privatización da sanidade pública, este desvío cara á sanidade privada e o desmantelamento sistemático dun sector público esencial, fundamental para provincias como a de Ourense e, singularmente, para comarcas avellentadas como a

## Concello de Xinzo de Limia



## Concello de Xinzo de Limia

*Limia..*

*Por iso consideramos urxente que o SERGAS restableza e garanta o pleno funcionamento dos servizos sanitarios esenciais, en óptimas condicións, así como a subministración adecuada de medicación ás farmacias.*

*Por todo o exposto, solicitamos ao PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1.- Esixir ao SERGAS o restablecemento dunha adecuada asistencia sanitaria no PAC de Xinzo de Limia —citas en menos de tres días, “calendario de vacinación razoable, subministración completa de medicación aos establecementos farmacéuticos...- así como que se cubran inmediatamente as vacantes e baixas de médicos/as que hai no PAC de Xinzo de Limia.*
- 2.- Esixir ao SERGAS que garanta a asistencia médica universal, baseada no sector público, no seu carácter universal... e cese na súa deriva privatizadora.*
- 3.- Solicitar ao grupo de goberno do PP que asuma inequivocamente un compromiso coa sanidade pública e universal e que presione a Administración autonómica do seu signo político para garantir a axeitada asistencia sanitaria e farmacéutica en tempo e forma no noso municipio e comarca. (...)”*

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día, o **Sr. Alcalde** expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, motivo polo que o **Sr. Alcalde** solicita ó portavoz que expoña os motivos da urxencia para proceder posteriormente a votar a súa inclusión na orde do día, realizando o Sr Manuel Pérez Campos unha exposición sucinta sobre a urxencia da moción baseada na falla de médicos e medicamentos, sendo a inclusión na orde do día ***aprobada por unanimidade.***

A continuación o **Sr. Alcalde** abre a **primeira quenda de intervencións.**

O **Sr. Manuel Pérez Campos** expón que é urxente aprobar a seguinte moción porque nos atopamos ante unha situación de falla de profesionais necesarios para a atención do servizo por mor do concurso de traslados que tivo lugar recentemente así como por mor das baixas dalgúns médicos que conleva que se tarde moito tempo en dar citas tanto para consulta co médico como para prescribir medicación, e a maiores, pola situación de desabastecemento de medicamentos básicos nas farmacias de Xinzo, tales como o ADIRO.

O **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** maniféstase a favor da moción.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** maniféstase tamén a favor inda que afirma ser consciente de que a falla de médicos é xeneralizada en outros PACS e hospitais.

O **Sr. Carlos Gómez Salgado** manifesta que o tema de desabastecemento de medicamentos non compete ó Concello e nin tan sequera ó SERGAS, sinalando que a Ministra de Sanidade xa puxo de manifesto que era un problema de laboratorios, isto é, un problema de marcas e non de inexistencia de medicamentos.



## Concello de Xinzo de Limia

O **Sr. Alcalde** abre á **segunda quenda de intervencións.**

O **Sr. Manuel Pérez Campos** recórdalle ó portavoz do grupo municipal popular que a labor do Concello é defender os problemas dos veciños, e neste eido, é deber do grupo de goberno instar ó SERGAS e a quen sexa competente que se solucione o problema de desabastecemento de medicinas que afecta ós veciños de Xinzo, máxime cando este tema está relacionado coa vida das persoas.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** ratifica o exposto polo portavoz do grupo municipal XA e indica que non existe problema algún para que por parte deste plenario se pida á administración competente que adopte as medidas correspondentes para que se dote ó Centro de Saúde de medios persoais e se solucione a situación de desabastecemento das farmacias.

O **Sr. Alcalde** pecha o debate sobre a moción indicando que dende a desinformación a veces dinse cousas inexactas que poden crear unha alarma na poboación cando a realidade é outra. Neste eido, sinala que as farmacias non están desabastecidas de medicación en España, como se di por parte da oposición, senón que o que acontece é que non dispoñen dunha marca concreta, pero si que contan con outros moitos medicamentos coa mesma substancia. Asemade, en relación ó Centro de Saúde, sinala que houbo un concurso de traslados en virtude do cal os profesionais teñen un tempo para incorporarse, o que motivou que non estivesen todos os médicos, se ben puntualiza que non se deixou de ver a paciente algún que acudira cunha patoloxía urxente, e en canto a emisión das receitas, indica que nas mesmas se prescriben medicamentos para períodos de entre catro e seis meses. Remata a súa intervención indicando que á data actual está a plantilla de persoal do Centro de Saúde funcionando o 100 por 100.

Finalmente a proposta de acordo **resulta rexeitada cos votos en contra da moción dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), cos votos a favor da moción dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), cos votos a favor da moción dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e co voto a favor do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1).**

### MOCIÓN URXENTE GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 8, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

A continuación o **Sr. Alcalde** indica que hai presentada unha moción urxente polo **Grupo Municipal Socialista**, do seguinte tenor literal:

*“(...) Elvira Lama Fernández, Rafael Penabad González, José Alberto Martínez Morales e Eva Oro Villarino, concelleiros do Grupo Municipal Socialista, no Concello de Xinzo de Limia de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de*



## Concello de Xinzo de Limia

*Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan para o seu debate e aprobación a seguinte pola vía de **URXENCIA, MOCION PARA A URXENTE PRESTACION DOS SERVIZOS RECOÑECIDOS NA DA LEI DE DEPENDENCIA OS USUARIOS DO CONCELLO.***

*O pasado mes de xuño deuse conta os membros da corporación das necesidades de cubrilas horas de prestación de axuda a domicilio a través de empresa externa este concello para cubrir as horas que non se estaban a prestar, as posibles baixas' e vacacións das persoas que veñen desempeñando estes traballos. Daquela as persoas en lista de agarda díxosenos que eran 51,*

*No mes de Agosto o numero de persoas en lista de agarda ascendía a 65 sen prestación do servizo que lles corresponde por lei. Moitos deles levan agardando meses, algún dende hai mais de un ano, coñecemos casos nos que o servizo de axuda no fogar que se lles ofrece non concorda coas necesidades dos usuarios para axudalos nas súas eivas persoais para levar unha vida mais digna.*

*Despois de tódolos tramites administrativos para sacar a concurso a adxudicación deste servizo de maneira infrutuosa, vemos que a realidade é que os dependentes e as súas familias que precisan de xeito urxente este servizo seguen agardando, e se iran incorporando mais co paso do tempo.*

*Por todo o exposto e para dar solución a este problema, dende o Grupo Municipal Socialista propoñemos a seguinte*

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*1.-Que se axilicen polo procedemento de URXENCIA tódolos tramites administrativos para poder prestar no mais breve espazo de tempo posible, os servizos de axuda no fogar as persoas dependente deste concello.*

*2.-Que en casos de extraordinaria e urxente necesidade, se revisen aqueles casos mais extremos de cara a ofertarlles outras modalidades de servizos contemplada na carteira de servizos, (libranzas, centros de día etc)adaptados as súas necesidades e recursos económicos.(...)”*

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día, o **Sr. Alcalde** expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, motivo polo que o **Sr. Alcalde** solicita a portavoz que expoña os motivos da urxencia para proceder posteriormente a votar a inclusión na orde do día, realizando a **Sra. Elvira Lama Fernández** unha exposición sucinta sobre a urxencia da moción, destacando a falla de prestación do servizo polo Concello e o constante incremento de usuarios.

O **Sr. Alcalde** intervéñ para manifestar que comparte o sentimento exposto e que por iso lévanse feito varios intentos para conseguir dar resposta urxente as demandas dos veciños, instando neste eido á concelleira de Servizos Sociais que expoña ó Plenario as actuacións que se levaron a cabo neste senso.

**A Sra. concelleira de Servizos Sociais, Dona Silvia Blanco Cuquejo,** comeza a



## Concello de Xinzo de Limia

súa intervención manifestando que na Comisión informativa que tivo lugar o día 11 de setembro de 2018 xa deu de xeito voluntario explicacións á oposición sobre a situación da licitación que se estaba levando a cabo, puntualizando que os primeiros interesados en que se resolva este problema son os membros do grupo de goberno. Puntualiza que á data actual das 11 auxiliares de axuda no fogar coas que conta o Concello dúas atópanse en situación de incapacidade temporal motivo polo que en realidade cóntase con nove auxiliares para facer fronte ás demandas do servizo. Asemade, reseña o feito de que en dependencia o que decide o recurso a empregar é o paciente e a realidade é que o mesmo non quere cambiar de recurso senón que quere recibir o servizo no seu domicilio. Polo que atinxe á licitación, recórdalle ó plenario que todos os contratos que se sacaron ata a data actual están publicados na plataforma de contratos do Estado á cal poden acceder, e así poderán comprobar que o contrato á data actual non está adxudicado por circunstancias alleas ó funcionamento do Concello, e que existen unha serie de prazos na tramitación dos expedientes que son de obrigado cumprimento.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** prégalle ó grupo de goberno que se pronuncie sobre a urxencia da moción, e que non intente evadir o fondo do asunto ó indicar que xa están traballando no tema, esixindo ademais que se fagan os trámites de maneira urxente par solucionar a situación.

A **Sra. concelleira de Servizos Sociais, Dona Silvia Blanco Cuquejo**, pregunta á portavoz se leu os pregos de cláusulas administrativas dos diversos procedementos de contratación realizados nos que consta a palabra “*urxente*” en repetidas ocasións, o que motiva a redución dos prazos de tramitación que se estableceron nas tres licitacións levadas a cabo e publicadas na plataforma de contratación do estado.

